

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A VALEDORA DO POBO PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN EN RELACIÓN AOS AFECTADOS POR PROCEDIMENTOS DE EXECUCIÓNS HIPOTECARIAS E DESAFIUZAMENTOS POR FALTA DE PAGAMENTO DE RENDAS

En Santiago de Compostela, a 16 de Outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 217, do 14 de novembro), e na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, Dna. Milagros María Otero Parga, na súa condición de Valedora do Pobo, segundo a Resolución do 4 de agosto de 2015, da Presidenta do Parlamento de Galicia, de nomeamento da Valedora do Pobo da Comunidade Autónoma de Galicia, en execución do acordo adoptado polo Pleno do Parlamento de Galicia na sesión que tivo lugar o día 3 de agosto de 2015 (DOG nº 161, do 25 de agosto) e en virtude das facultades conferidas no artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente acordo e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica.

O contexto de crise económica sufrido nos últimos anos provocou un importante impacto na situación de moitos fogares que xerou en moitos casos situacións de especial vulnerabilidade. Estas situacións modificaron as prioridades das políticas públicas de vivenda co obxectivo de orientar os seus programas na procura de que as persoas e familias puideran seguir a manter as súas vivendas.

Así, dende o ano 2012, implantáronse por parte da Xunta de Galicia 12 medidas encamiñadas a dar cobertura as persoas que están en risco ou xa perderon a súa vivenda. Estas medidas inicialmente estaban dirixidas a paliar os efectos das execucións hipotecarias de vivendas habituais, pero posteriormente se estenderon para dar cobertura tamén ás persoas en risco de ser desafiuzadas como consecuencia da falta de pagamento das rendas do alugueiro.

Entre estas medidas destacan os acordos de colaboración que se asinaron coa institución do Valedor do Pobo dende 2015 co obxectivo de facilitar un intercambio rápido e áxil de información entre as partes asinantes.

Segundo.- Durante o ano 2016 recibíronse e tramitáronse ante a institución do Valedor do Pobo, certo número de queixas en materia de vivenda, relativas fundamentalmente a problemáticas tanto de execucións hipotecarias como de desafiuzamentos por falta de pagamento de rendas da vivenda habitual. As cifras acadaron valores próximos aos rexistrados no ano 2015.



O Valedor do Pobo manifesta a vontade de que co obxectivo de respostar ás necesidades das persoas, se continúe impulsando e dando a coñecer cantas medidas vaian orientadas a procurar a efectividade do dereito a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada.

Terceiro.- O 6 de setembro de 2016 asinouse o correspondente Acordo de Colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Valedor do Pobo para o intercambio de información en relación aos afectados por procedementos de execucións hipotecarias e desafiuzamentos por falta de pagamento de rendas, acordo cuxa vixencia ven de rematar.

Dado que as finalidades que motivaron o Acordo resultan plenamente vixentes, ambas partes manifestan o seu interese en continuar a colaborar mediante a sinatura dun novo acordo, garantindo o dereito á intimidade e coa única función de asegurar a efectividade do dereito.

Polo exposto, e coa vontade de coordinar as súas actuacións no obxectivo sinalado,

AS PARTES ACORDAN

Primeiro.- Dar continuidade ao marco de colaboración establecido entre as partes ó fin de facilitar un intercambio rápido e áxil de información entre o Valedor do Pobo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo. A finalidade deste acordo é, por unha banda, proporcionar ás familias afectadas por execucións hipotecarias derivadas de falta de pagamento de créditos ou préstamos garantidos con hipoteca, ou por procedementos de desafiuzamento por non pagar as rendas do aluguer, unha mellor atención e información sobre os seus dereitos e sobre as actuacións e medidas desenvolvidas por parte do

Instituto Galego da Vivenda e Solo e, tamén se pretende, por outra, dar unha resposta áxil ás demandas dos afectados por estes procedementos.

Segundo.- Para a consecución deste obxectivo, o Valedor do Pobo procederá a dar traslado, preferentemente por medios electrónicos, de toda a información correspondente ás queixas ou consultas presentadas ante a Institución referente a esta materia, con independencia da súa tramitación efectiva, de conformidade co establecido na Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo. Recibida a información e a estes efectos, o Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá a valorar se as mesmas cumpren os requisitos establecidos en calquera das medidas implantadas pola Xunta de Galicia.


O Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá, entón e á maior brevidade posible, a activar os mecanismos previstos para informar ás persoas afectadas dos programas aos que poden acceder e, de ser o caso, a verificar se cumpren ou non os requisitos de acceso aos programas xestionados polo organismo, informando por correo electrónico ao Valedor do Pobo do inicio das actuacións.

Unha vez finalizadas as anteriores xestións, o Instituto Galego da Vivenda e Solo trasladará ao Valedor do Pobo o correspondente informe, coas actuacións realizadas ao respecto.


Terceiro.- O presente acordo de colaboración terá carácter de mera declaración de intencións e non xerará obrigas económicas nin xurídicas nas partes que interveñen, sen prexuízo do seu posible desenvolvemento e concreción por medio dos instrumentos que proceda ou das actuacións necesarias, conforme coa normativa vixente.

Cuarto.- Coa finalidade de garantir a consecución do obxectivo descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará da proposicións de accións, do seu desenvolvemento e da avaliación dos resultados das actuacións executadas.

Quinto.- As partes poderán participar, no seu caso, na promoción e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste acordo mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.



Sexto.- O presente acordo terá unha vixencia dun ano, a contar dende a súa sinatura, podendo prorrogarse por un período igual, mediante acordo expreso das partes adoptado con polo menos un mes de antelación ao seu vencemento.




Sétimo.- De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente acordo e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente acordo, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13

de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.


En proba de conformidade, asínase o presente acordo, no lugar e data antes citados.

Polo IGVS



Ethel María Vázquez Mourelle

Polo Valedor do Pobo



Milagros María Otero Parga